

Asunto: “MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN”, do subministro denominado “**SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ALUMEADO DE NADAL NO CONCELLO DE MARÍN 2024**”.

Antecedentes:

1º.- Tal e como se vén facendo en anos anteriores, é tradición alumear os espazos públicos máis significativos e as principais rúas da cidade, coincidindo con diversas celebracións que teñen lugar na tempada do Nadal, tendo como obxectivos principais o promover a imaxe da cidade de forma que se xere unha maior afluencia de visitantes, así como unha maior actividade comercial durante estes períodos.

2º.- O orzamento base de execución para dito subministro estímase un valor estimado de 84.300,00 €, 102.003,00 €, IVE engadido, correspondendo ao IVE 17.703,00 €.

3º.- O obxecto do subministro consiste no arrendamento, instalación, mantemento e desmonte das luminarias, e de todos os elementos ornamentais, así como dos seus soportes e ancoraxes. Así mesmo, inclúe tamén os gastos de legalización, autorización, inspección regulamentaria, e calquera outro gasto asociado á posta en marcha e funcionamento da instalación. Trátase dun subministro con instalación en réxime de alugueiro, polo que os elementos non pasan a ser propiedade do Concello unha vez cumprida a prestación.

4º.- O licitador deberá proceder á súa colocación coa suficiente antelación, sen exceder como máximo o 1 de decembro de 2024, e procedendo á súa retirada ao remate das festas e non podendo exceder como máximo do 31 de xaneiro do 2025.

5º.- Na “MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN” teranse en conta os seguintes aspectos:

- *A necesidade á que se pretende dar satisfacción e idoneidade do obxecto do contrato para cubrila.*
- *A elección do procedemento de licitación.*
- *Clasificación e solvencia técnica ou profesional e económica e financeira esixidas.*
- *Cálculo do valor estimado do contrato, así como do orzamento base de licitación, con indicación de todos os conceptos que o integran (custes directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación), indicando, se existisen, de forma detallada e con desagregación de xénero e categoría profesional os custos salariais das persoas empregadas para a súa execución, estimados a partir do convenio laboral de referencia.*
- *Criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato, así como as condicións especiais de execución do mesmo.*

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800143BC800F717W4L7W0W0 en https://sede.concellodemarín.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2024CO143-007
	JOSÉ CARLOS TORRES PIÑEIRO-Arquitecto Tecnico - 22/07/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/07/2024 15:13:49	Fecha: 22/07/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



- *Definición dos lotes nos que, como regra xeral e obrigatoria, debe dividirse o obxecto do contrato e, en caso de que excepcionalmente non proceda a división do contrato en lotes, xustificación suficiente para non dividilo, baseada nalgunha das circunstancias excepcionais previstas no artigo 99.3 da LCSP 9/2017.*

Regulación Normativa

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Memoria xustificativa

a) Necesidade á que se pretende dar satisfacción e idoneidade do obxecto do contrato para cubrila.

- O artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local (LBRL) dispón que os Concellos teñen competencia propia sobre a Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

- O artigo 80.2.n) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia (LALGA) sinala que os municipios teñen competencia propia sobre as actividades e instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo libre e o turismo.

- Á vista das devanditas competencias e non contando con medios propios para o desenvolvemento das actuacións obxecto do presente contrato, cómpre recorrer a medios externos mediante os mecanismos de contratación pública, segundo o disposto no artigo 86.2.B) da LBRL.

- O obxecto da contratación é o subministro consistente no arrendamento, instalación, mantemento e desmonte das luminarias, e de todos os elementos ornamentais, así como dos seus soportes e ancoraxes. Así mesmo, inclúe tamén os gastos de legalización, autorización, inspección regulamentaria, e calquera outro gasto asociado á posta en marcha e funcionamento da instalación. Trátase dun subministro con instalación en réxime de alugueiro,

CSV: 07E800143BC800F717W4L7W0W0

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800143BC800F717W4L7W0W0 en https://sede.concello demarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2024CO143-007
	JOSÉ CARLOS TORRES PIÑEIRO-Arquitecto Tecnico - 22/07/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/07/2024 15:13:49	Fecha: 22/07/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



polo que os elementos non pasan a ser propiedade do Concello unha vez cumprida a prestación.

- A necesidade deste servizo vén dada polo interese de promover a imaxe da cidade de forma que se xere unha maior afluencia de visitantes así como unha maior actividade comercial durante a tempada de Nadal, buscando así a promoción de actividades de ocupación do tempo libre e o turismo.

b) A elección do procedemento de contratación.

- O procedemento máis adecuado, a tenor do artigo 156 e concordantes da Lei 9/2017 en relación co disposto no artigo 131.2 do mesmo corpo legal, sería o procedemento aberto.

c) Clasificación e solvencia técnica ou profesional e económica e financeira esixidas.

- Non se require clasificación empresarial por tratarse dun contrato de subministro, segundo o disposto no artigo 77.1.c) da Lei de Contratos do Sector Público.

- A solvencia técnica do empresario poderá acreditarse segundo o disposto no artigo 89 da LCSP ou a través dos datos inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou cando proceda de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 96 do Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas, así como a través da declaración responsable na que deberá facerse constar que o licitador posúe a solvencia técnica necesaria para a realización do proxecto. Neste contrato a solvencia mínima a acreditar será a realización de contratos de igual ou similar natureza que o que constitúe o obxecto do presente contrato, no curso dos tres últimos anos, supoñendo os mesmos polo menos un 70% da anualidade media do contrato.

- A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse segundo o disposto no artigo 87 da LCSP ou a través dos datos inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou cando proceda de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 96 do Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas, así como a través da declaración responsable na que deberá facerse constar que o licitador posúe a solvencia económica e financeira. Neste contrato a solvencia mínima esixida é dun valor anual de negocios que como mínimo sexa unha vez e media o valor estimado do contrato, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos.

CSV: 07E800143BC800F717W4L7W0W0

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800143BC800F717W4L7W0W0 en https://sede.concellodemarín.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">JOSÉ CARLOS TORRES PIÑEIRO-Arquitecto Tecnico - 22/07/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/07/2024 15:13:49</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024CO143-007 Fecha: 22/07/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	--	--



d) Cálculo do valor estimado do contrato, así como do orzamento base de licitación, con indicación de todos os conceptos que o integran (custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación), indicando se existisen, de forma detallada e con desagregación de xénero e categoría profesional os custos salariais das persoas empregadas para a súa execución, estimados a partir do convenio laboral de referencia.

- De acordo co artigo 101 da LCSP, o valor estimado do presente contrato é de 84.300,00 € (setenta e cinco mil euros).
- O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 102.003,00 €, IVE engadido, correspondendo ao IVE 17.703,00 euros, que se desagrega da forma que segue:

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	%	IMPORTE
CUSTES DIRECTOS	85,00 %	71.655,00 €
MAN DE OBRA	14,56 %	12.274,08 €
SUBMINISTROS (MATERIAS PRIMAS)	70,44 %	59.380,92 €
CUSTES INDIRECTOS	10,00%	8.430,00 €
ALUGUEIROS	7,00 %	5.901,00 €
OUTROS	3,00 %	2.529,00 €
BENEFICIO INDUSTRIAL	5,00 %	4.215,00 €
TOTAL SEN IVE		84.300,00 €
IVE		17.703,00 €
TOTAL		102.003,00 €

e) Condicións especiais de execución do mesmo.

Segundo o artigo 202 da LCSP, estímase adecuado contemplar as seguintes de tipo ambiental:

- a) Reciclaxe, reutilización e recuperación dos materiais empregados tanto na elaboración coma na montaxe das luminarias.
- b) Indicación de vertedeiros autorizados onde se vaian a trasladar os materiais usados, excedentes ou procedentes da fabricación, reutilización ou instalación.
- c) Compromiso de aportar, no seu momento, a documentación que acredite que os residuos da fabricación e montaxe ou desmonte producidos, son xestionados, segundo o disposto na normativa aplicable.

f) Definición dos lotes, nos que como regra xeral e obrigatoria debe dividirse o obxecto do contrato e, en caso de que excepcionalmente non proceda a división do contrato en lotes, xustificación suficiente para non dividilo, baseada nalgunha das circunstancias excepcionais previstas no artigo 99.3 da LCSP 9/2017.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800143BC800F717W4L7W0W0 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2024CO143-007
	JOSÉ CARLOS TORRES PIÑEIRO-Arquitecto Tecnico - 22/07/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/07/2024 15:13:49	Fecha: 22/07/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



- Non procede a división en lotes do subministro obxecto do contrato, por darse o suposto previsto no artigo 99.3.b) da LCSP, é dicir, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico, así como obstaculizaría a coordinación da execución no caso de existir unha pluralidade de contratistas diferentes.

Por todo o exposto, coa presente Memoria dáse cumprimento o disposto no artigo 116.4 da LCSP, quedando xustificadas adecuadamente todas as epígrafes do mesmo.

CSV: 07E800143BC800F717W4L7W0W0

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800143BC800F717W4L7W0W0 en https://sede.concellodemarin.es	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">JOSÉ CARLOS TORRES PIÑEIRO-Arquitecto Tecnico - 22/07/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/07/2024 15:13:49</p>	<p style="text-align: right;">EXPEDIENTE : 2024CO143-007</p> <p>Fecha: 22/07/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
--	--	--

